

**Acordo do 22 de novembro de 2018, do Tribunal do proceso de selección do posto de Coordinador da Unidade Territorial Norte de Xestur, S.A., polo que se resolven as reclamacións presentadas polos candidatos, se aproba a puntuación definitiva de méritos dos aspirantes e do plan de actuación de Xestur S.A., presentado polos mesmos e se convoca á fase de entrevista e defensa do plan de actuación.**

De conformidade coa base 8 das bases reguladoras do proceso de selección para o posto de coordinador da unidade norte de Xestión do Solo de Galicia-Xestur, S.A., publicadas na páxina web: [www.xesturgalicia.com](http://www.xesturgalicia.com), as que fai referencia o anuncio de convocatoria publicado no *Diario Oficial de Galicia* núm. 82, do 27 de abril de 2018, o tribunal de selección en sesión de data 22 de novembro de 2018, entre outros puntos da orde do día, **ACORDOU:**

**Primeiro.- Resolución das reclamacións formuladas polos aspirantes seleccionados.**

O Secretario da conta de que dentro do prazo fixado nas bases da convocatoria presentouse pola aspirante, Begoña Martínez Conde, unha reclamación contra o acordo de aprobación provisional da fase de méritos aprobada polo tribunal na súa sesión de 3 de outubro de 2018. Non constan a presentación de reclamación algunha polos restantes aspirantes seleccionados.

O tribunal unha vez examinada a reclamación presentada pola aspirante seleccionada, acordou:

1º) Con respecto á reclamación sobre a baremación no apartado de formación: O tribunal, con carácter previo ao inicio da baremación, acordou, á vista da extensa formación presentada polos aspirantes e en aras á axilidade e racionalidade no desenvolvemento do proceso, valorar exclusivamente os méritos alegados ata acadar, de selo caso, a puntuación máxima prevista para cada apartado concreto obxecto de baremación. Así se recolleu no Acordo de 3 de outubro de 2018, debidamente publicado.

En consecuencia, tanto con respecto á reclamante como aos demais aspirantes seleccionados, o tribunal tomou en consideración, unicamente, os cursos necesarios ata acadar a máxima puntuación en cada apartado. Concretamente con respecto á reclamante no apartado de cursos de máis de 25 horas en materias relacionadas directamente co sector da edificación, enxeñería e xestión de proxectos, tomouse en consideración un único curso (Curso superior de planeamento e xestión urbanística), xa que co mesmo excedía a puntuación máxima posible nese apartado (10 puntos). O mesmo criterio adoptouse con respecto ao apartado relativo a outros cursos acreditativos de coñecementos nos ámbitos do sector da edificación, enxeñería e xestión de proxectos, onde cun único curso (DEA) superaba con creces a puntuación máxima posible neste apartado (5 puntos).

En definitiva a reclamante obtivo a máxima puntuación posible no apartado de formación, a excepción dos 5 puntos referidos ao dominio da lingua inglesa que non foi acreditado.

Reiteramos, que, ao igual que outros aspirantes, a reclamante presentaba unha experiencia formativa moi extensa, pero non resulta relevante para a resolución do proceso a valoración e puntuación individual de todos e cada un dos cursos presentados polos aspirantes cando xa se supera a puntuación máxima posible en cada apartado.

2º) Con respecto a reclamación formulada pola baremación da experiencia: Entendese que existe un erro da reclamante ao computar o tempo traballado en Planalto Consultores S.L. e Fernández Carballada S.L., xa que sinala que este suma 7 anos, 6 meses e 12 días, cando do informe da vida laboral presentado, se deduce claramente que os períodos traballados en devanditas empresas son os seguintes:

- 01/09/2005 ao 31/08/2006, 274 días, en Fernandez Carballada S.L.

- 01/09/2006 ao 28/06/2007, 226 días, en Planalto Consultores S.L.
- 02/07/2007 ao 31/05/2010, 951 días, Fernandez Carballada S.L.
- 01/06/2010 ao 31/05/2012, 512 días, Fernandez Carballada S.L.P

En consecuencia, o tempo total traballado nestas empresas ascende a 1.963 días, que equivalen a 5 anos e 3 meses, tal e como se computaron na valoración aprobada polo tribunal. En ningún caso pode entenderse como experiencia laboral no sector da edificación, enxeñería e xestión de proxectos os 730 días correspondentes a prestación por desemprego por ser legalmente incompatible coa realización de calquera traballo por conta allea ou propia.

En canto as demais reclamacións presentadas neste apartado, se dirixen, basicamente, ao propio contido das bases do proceso selectivo non a baremación propiamente dita. As bases da convocatoria son a Lei do proceso selectivo e vinculan ao tribunal e os aspirantes participantes. O tribunal debe velar polo seu cumprimento estrito e vese limitado a aplicar os criterios de baremación fixados nas bases de forma igualitaria a todos os aspirantes, por moito que a reclamante non lle parezan axeitados. En consecuencia non é cometido deste tribunal valorar a adecuación das bases da convocatoria a principios como a igualdade en materia de xénero, o maior ou menor grao de acerto das mesmas en relación os criterios fixados para valorar a experiencia ou os concretos modos de acreditar a representación efectiva e a coordinación e dirección de equipos alegados pola reclamante

3º) En canto o plan de actuación: A reclamante manifesta que considera que a súa puntuación non é boa e que debería ter máis puntuación neste apartado. Unicamente sinalar, que como no resto do proceso selectivo, o Tribunal, dentro das facultades interpretativas que lle corresponden en aplicación da discrecionalidade técnica de que goza, aplicou os criterios fixados nas bases da convocatoria para valorar os distintos plans de actuación dos aspirantes, entendendo que a puntuación obtida é adecuada ao contido dos mesos e resulta plenamente motivada de conformidade co reflectido na acta da sesión do tribunal de 3 de outubro de 2018.

**Segundo.- Aprobación da listaxe de candidatos coa puntuación definitiva da 1ª fase correspondente á valoración de méritos e plan de actuación de Xestur, S.A.**

Á vista do anteriormente exposto, o Tribunal acorda manter as mesmas puntuacións que figuran na acta de baremación provisional, e que se especifican no seguinte cadro:

CADRO DE PUNTUACIÓN DEFINITIVA ASPIRANTES					
Nome	DNI	Ptos Formación	Ptos Experiencia	Ptos Plan de Actuación *	TOTAL PTOS
Luis Baldó Macía	*****976K	20	39	25.5	84.5
Manuel Ángel López Real	*****439Y	15	40	27	82
Begoña Martínez Conde	*****613S	15	10	19.5	44.5
José Luis Rey Hermida	*****813H	15	10	10.5	35.5
Antonio Rodríguez Rodríguez	*****186R	15	16.75	15	46.75

De conformidade co previsto no apartado 1.2 do punto 8.1.<sup>a</sup> das bases da convocatoria (*“para proceder á valoración do plan de actuación (número 1.2), o candidato deberá obter cando menos 10 puntos na parte de méritos (1.1)”*),

Asemade, de conformidade co previsto no punto 1.2 das bases da convocatoria, o tribunal de selección disporá da facultade de non convocar á entrevista - defensa do plan de actuación (2<sup>a</sup> fase) a aqueles candidatos que dispoñan dunha puntuación cuxo valor numérico imposibilite matematicamente ser seleccionado en relación co resto dos candidatos.

En consecuencia, o Tribunal acorda, por unanimidade, que só se convoca á fase da entrevista a Luís Baldó Macía e a Manuel Ángel López Real, dado que os demais aspirantes non dispoñen dunha puntuación cuxo valor numérico posibilite o ser seleccionado en relación cos anteriores candidatos.

**Terceiro- Publicación da listaxe de aspirantes coa puntuación definitiva da 1<sup>a</sup> fase correspondente á valoración de méritos e plan de actuación de Xestur, S.A.**

Asemade, o Tribunal acorda, por unanimidade, a publicación da listaxe de aspirantes coa puntuación definitiva da 1<sup>a</sup> fase correspondente á valoración dos méritos e do Plan de actuación, na páxina web da sociedade e no taboleiro de anuncios da mesma.

**Cuarto.- Convocatoria dos aspirantes á fase de entrevista e defensa do plan de actuación de Xestur, S.A.**

O Tribunal acorda convocar aos aspirante seleccionados, para a fase de entrevista e defensa do plan de actuación de Xestur S.A. no lugar e data que se indican a continuación:

- **Lugar:** Sede do Instituto Galego de Vivenda e Solo en Santiago de Compostela (Polígono de Fontiñas, Área Central, Sala de Xuntas da 2<sup>a</sup> Planta).
- **Data:** Mércores, 28 de novembro de 2018
- **Hora:** ás 17.30 h, Manuel Ángel López Real e ás 18:30 h, Luis Baldó Macía

Igualmente, o Tribunal acorda que a presente convocatoria se publique na páxina web da sociedade.

En Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2018

Diego Jorroto Díaz  
Presidente do tribunal



